

EDITORIAL

O 8 de novembro foi publicada no Diario Oficial de Galicia a Lei 8/1995 de 30 de outubro, do Patrimonio Cultural de Galicia.

Na Exposición de Motivos establécese que a Lei é a expresión xurídica necesaria á especificidade que, como nacionalidade histórica, posúe en materia cultural [...], e preténdese con ela axeitar á realidade de Galicia e ás úas necesidades específicas en materia de patrimonio cultural a normativa legal pola que se rexerá a defensa, a protección, a conservación e mailas sancións contra as agresións de diversas índole que poida sufrir.

A Lei establece a competencia exclusiva da Comunidade Autónoma sobre o patrimonio cultural de interese para Galicia, de conformidade coa distribución de competencias que nestas materias fai a Constitución Española de 1978 entre o Estado e as Comunidades Autónomas (artigos 148.1.16 e 149.1.28), e o propio Estatuto de Autonomía de Galicia.

De acordo co mandato constitucional (artigo 46), a Lei ten como finalidade esencial a protección, a conservación, o acrecentamento, a difusión e o fomento do patrimonio cultural de Galicia, así como a súa investigación e transmisión ás xeracións futuras.

É unha lei extensa, ampla e ambiciosa. Consta dun título preliminar e 9 títulos máis, con 99 artigos, 6 disposicións adicionais, 2 transitorias, 1 derogatoria e 2 derradeiras. Ten unha regulamentación excesivamente detallada en determinadas materias, como no patrimonio arqueolóxico ou no réxime sancionador; e presenta lagoas noutras, coma no relativo ós bens da Igrexa Católica, no control das obrigas das corporacións locais, ou no patrimonio etnográfico.

A norma legal parte dun concepto amplo do patrimonio cultural (dun xeito semellante á Lei 16/1985 de 25 de xullo do Patrimonio Histórico Español), pois engloba os bens mobles, inmobles e inmateriais que, polo seu recoñecido valor propio, deban ser considerados como de interese relevante para a permanencia da identidade da cultura galega a través do tempo. E inclúe de modo específico os bens de interese artístico, histórico, arquitectónico, paleontolóxico, arqueolóxico, etnográfico, científico e técnico, o patrimonio documental e bibliográfico, os conxuntos urbanos, os lugares etnográficos, os xacementos e zonas arqueolóxicas, así como os sitios naturais, xardíns e parques que teñan valor artístico, histórico ou antropológico.

Como novidade máis salientable créanse tres categorías de bens: os declarados de interese cultural, os catalogados, e os inventariados.

Os bens declarados de interese cultural son os máis sobranceiros do patrimonio cultural, e inscribíranse no Rexistro de Bens de Interese Cultural de Galicia.

Os catalogados son os bens que, sen chegar a ser declarados de interese cultural, posúan especial singularidade e cheguen a definir un territorio, e serán incluídos no Catálogo do patrimonio cultural de Galicia, con fins de investigación, consulta e difusión.

Os inventariados son tódolos bens que, sen estaren incluídos entre os anteriores, merezan ser conservados.

Os bens das tres categorías pasan a integra-lo

Inventario xeral do Patrimonio Cultural de Galicia, que é o instrumento básico de protección do mesmo.

O réxime xeral de protección e conservación, determinado no título II, establece tres graos diferentes, emanados daquelas tres categorías, incidindo dun xeito máis notorio nos bens de interese cultural. Deste modo, os inmobles enténdense integrados nun contexto que é o seu territorio, e non como elementos illados. No que respecta ós bens mobles,ponse unha especial énfase no control da súa conservación así como nos traslados e na regulación do seu comercio.

No título dedicado ós museos débese salienta-la creación como categoría diferenciada da colección visitable, definida como aquela colección que non reúna tódalas condicións que constitúen os requisitos necesarios para o seu recoñecemento como museos, e sempre que os seus titulares faciliten a visita pública e o acceso dos investigadores, gozando os seus fondos das atencións básicas que garantan a súa custodia e conservación; tamén forman parte do sistema galego de museos xunto con tódolos museos da Comunidade Autónoma.

Dedícase un título ó patrimonio arqueolóxico, e se especifican e definen as actividades arqueolóxicas e as responsabilidades das intervencións, e todo o que afecta ós conxuntos históricos e zonas arqueolóxicas. Outro título é o do patrimonio etnográfico, incidindo na especial protección dos bens inmateriais así como daqueloutros relacionados coa actividade industrial. Outro dedícase ó patrimonio documental e ós arquivos e aínda outro, brevísimo, ó patrimonio bibliográfico.

Desenvólvense asimesmo as medidas de fomento: investigación, conservación, difusión, adquisición e investimento, así coma os beneficios fiscais, que non concreta, e que aparecen recollidos de xeito específico pola Lei do Patrimonio Histórico Español no ámbito estatal.

Recole o réxime sancionador en dez artigos e establece a creación, na disposición adicional sexta, dun corpo de vixilancia e inspección do patrimonio cultural, co fin de velar polo cumprimento do establecido na Lei.

A finalidade da Lei é clara: conservar, protexer e difundir un legado que o tempo irá acrecentando para transmitilo ó futuro. Desde esta perspectiva é unha lei necesaria, pero a efectividade deste obxectivo vai depender do interese dos órganos da Comunidade Autónoma encargados do seu cumprimento, xa que vai esixir un desenvolvemento regulamentario no que se concreten aspectos pouco contemplados; un esforzo tamén moi importante, entre outras cuestións, para facer realidade as declaracións de intencións de contén: retorno a Galicia de bens esencialmente representativos do patrimonio que se atopan fóra dela, ou que tódolos museos contén con medios humanos e técnicos suficientes para desenvolver-las súas funcións; e sobre todo, conciencia do que o patrimonio cultural representa na vida dun pobo.

Pese a tódolos defectos que se lle poidan poñer, tanto desde o punto de vista de fondo como de técnica lexislativa (a disposición derogatoria é un claro exemplo), desexemos que sexa o inicio dun fermoso camiño na defensa das nosas orixes.